

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 103****TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS****ARTIGO 1º. NATUREZA E OBXECTO.**

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 133 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos urbanísticos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.****1. FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGÓ.**

a) Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión das licenzas que, preceptivamente, deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións dentro do termo municipal, así como a prestación doutros servizos urbanísticos, incluíndo a aprobación de proxectos básicos, así como aqueles outros actos suxeitos a procedementos de intervención distintos da licenza de conformidade co artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Entre os procedementos de intervención se inclúen os procedementos establecidos con carácter xeral na lexislación para a declaración responsable e a comunicación previa, así como os supostos de actuacións comunicadas para as intervencións de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica.

Así mesmo constitúe feito imponible desta taxa a realización de actuacións (técnicas e xurídico-administrativas) por execución subsidiaria en procedementos de Disciplina Urbanística nos casos de incumprimento de acordos ou resolucións municipais; así como a realización de visitas de inspección e comprobación que sexan consecuencia de incumplimentos da normativa de aplicación, das condicións sinaladas nos distintos actos de intervención para o desenvolvemento dunha actividade/obra/uso, ou de ordes de execución. Esta taxa é independente dos custes correspondentes ás actividades que deban desenvolverse por conta do interesado.

b) A taxa devengarase cando inicie a prestación do servizo a Administración municipal, coa recepción da solicitude de licenza, declaración responsable, comunicación previa ou/e a correspondente iniciación do expediente, ou ben dende que se realice calquera dos actos do artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Non obstante, continuarase coa tramitación do expediente da licenza cando se trate exclusivamente de obras oficiais, en cuxo caso a taxa devengarase cando se produza a adxudicación da obra ós contratistas. En todo caso, non se someterá á Xunta

de Goberno Local a proposta de acordo de concesión/denegación da licenza, namentres non se teña realizado o ingreso da preceptiva autoliquidación.

c) Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algúun pola denegación da licenza solicitada, por comunicacíons ou declaracíons responsables inspeccionadas con resultado desfavorable, nin tampouco pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza ou presentada a comunicación ou declaración responsable.

d) Sen perxuízo do establecido na letra anterior, no caso de desestimento formulado polo interesado con anterioridade á proposta de resolución polo Órgano competente para a concesión ou denegación da licenza, ou con anterioridade ó desenvolvemento das tarefas de control e inspección de comunicacíons ou declaracíons responsables, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada.

e) No suposto de que a comunicación ou declaración responsable sexa incompleta ou incorrecta, de solicitarse de novo ou de presentarse nova documentación, non se devengará de novo a taxa, conservándose o importe ingresado mediante autoliquidación a conta da liquidación que en definitiva corresponda.

## 2. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

a) Están obrigados ó pagamento dos dereitos e taxas previstos nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenza ou documento.

b) Os solicitantes e/ou titulares da licenza deberán facer constar na solicitude nome, DNI, ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa constructora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, achegarase no momento da súa designación.

c) Responderán solidariamente cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, chegado o caso, dos inmóbiles nos que se realicen as obras, instalacíons ou construccíons. No suposto dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou posuidores, se as obras fosen executadas coa súa conformidade e sen abuso de derecho.

d) Serán substitutos do contribúnte os promotores e os contratistas.

## ARTIGO 3º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS

1.- Tomarase como base imponible e liquidable da presente exacción, en xeral, o custo real e efectivo da obra, construcción ou instalación.

### 2.- TARIFA XERAL.

O tipo de gravame que se aplicará sobre a base liquidable, e por unha soa vez, será o seguinte:

I.- Informes técnicos e outros servizos urbanísticos:

a) Por cada aliñación ou tira de corda realizada sobre o terreo en zona urbana: Ata 100 metros: Por cada metro lineal ou fracción de exceso:	152,29 € 1,22 €
b) Licenzas de agrupación ou parcelamento en terreo urbano: Por cada metro cadrado de superficie do terreo matriz: Ademais, por cada metro cadrado de superficie edificable: Licenzas de agrupación ou parcelamento en terreo rústico: Por cada metro cadrado de superficie do terreo matriz:	0,05 € 0,05 € 0,03 €
c) Información (consultas urbanísticas) sobre o réxime urbanístico dun predio:	186,69 €
d) Instrumentos de planeamento de desenvolvemento do PXOU, expedientes de delimitación ou modificación de ámbitos de planeamento ou poligonais, instrumentos de equidistribución de cargas e beneficios e expedientes previos necesarios dentro da fase de execución do planeamento (como por exemplo: constitución de xuntas de compensación, etc.), proxectos de urbanización e de obras ordinarias, todos eles promovidos por particulares, ademais dos gastos xustificados do expediente:  Por cada metro cadrado de superficie do terreo matriz: Ademais, por cada metro cadrado de superficie edificable:	0,05 € 0,05 €
En todo caso as cotas resultantes mínimas serán:  * Plans parciais, plans de sectorización e plans especiais: * Estudios de detalle: * Expedientes de delimitación ou modificación de ámbitos de planeamento, poligonais ou unidades reparcelables, instrumentos de equidistribución de cargas e beneficios e expedientes previos necesarios dentro da fase de execución de planeamento: * Proxectos de urbanización e de obras ordinarias: * Por inclusión ou exclusión de predios no rexistro de soares sen edificar conforme á lexislación urbanística:	1.277,72 € 608,68 €  953,06 € 953,06 €  609,35 €

Se o proxecto fose redactado polo Concello, con independencia das tarifas sinaladas, agregaranse aquelas co importe dos honorarios profesionais que corresponderían á redacción do proxecto determinado polos técnicos municipais e, no caso de discrepancia co interesado, polo colexio profesional correspondente.

e) Certificacións sobre a caducidade da acción para re establecer a legalidade urbanística alterada e sobre a prescripción da acción para sancionar:	206,00 €
f) Por tramitación de autorizacións previas en solo rústico (excluíndo o custo do anuncio en prensa):	59,07 €

## II.- Proxecto básico, obras de nova planta, reconstrucción e reforma:

O importe do gravame será do un por cento (1%) do presuposto determinado conforme ó previsto no artigo 5º da presente ordenanza.

**III.- Obras no solo, subsolo e voo da vía pública:**

a) Colocación de cables subterráneos: Por metro lineal ou fracción:	0,16 €
b) Colocación de encanamentos no subsolo da vía pública: Por metro lineal ou fracción:	0,34 €
c) Colocación de postes na vía pública: Por unidad:	127,77 €
d) Colocación de roscas de ás na vía pública: Por unidad:	3,14 €
e) Colocación de quioscos na vía pública: Por metro cadrado ou fracción de superficie ocupada:	19,67 €
f) Acondicionamento de beirarrúas: Por metro lineal ou fracción:	6,39 €
g) Colocación de rótulos e anuncios fixos: Por metro cadrado ou fracción:	9,84 €

**IV.- Outras obras:**

As licenzas de obras non mencionadas nin excluídas expresamente, as comunicacóns ou declaracóns responsables e as que sexan obxecto de regulación especial nesta ordenanza gravaranse co 1% do seu presuposto, determinado segundo o disposto no artigo 5º da presente ordenanza.

**V.- Licenzas de primeira utilización dos edificios:**

1.- Polo outorgamento de licenzas de primeira utilización de vivendas ou locais de todo tipo satisfarase o cero vinte por cento (0,20%) do presuposto determinado conforme ó previsto no artigo 5º da presente ordenanza para as licenzas de obras. O módulo básico que se aplicará será o vixente no momento da solicitude da dita primeira utilización.

2.- Á solicitude de licenza de primeira utilización acompañarase inescusablemente a alta no Imposto de bens inmóbiles, selada pola Delegación de Hacienda.

**VI.- Licenzas de modificación do uso dos edificios:**

Ó outorgamento da dita licenza aplicárselle o 50% da tarifa sinalada co núm. 1 do epígrafe anterior; é de aplicación a prevención contida no seu núm. 2.

**VII.- Licenzas por construcións, reparacións e instalacións de cemiterios:****1.- CONSTRUCIÓNS:**

a) Para construcións de panteóns, por metro cadrado:	186,74 €
b) Para construcción de cada corpo en sepulturas soterradas, en calquera grupo:	6,44 €
c) Por construcción de beirarrúas en nichos e sepulturas soterradas	

con lonxitude máxima de 50 cm:	12,72 €
--------------------------------	---------

## 2.- INSTALACIÓNNS:

a) Por colocación de lápidas en panteóns, por cada unha:	12,72 €
b) Por colocación doutras instalacións fixas nelas, por cada clase delas:	6,44 €
c) Por colocación de lápidas en sepulturas soterradas:	9,84 €
d) Por colocación doutras instalacións fixas nelas, por cada clase delas:	6,44 €
e) Por colocación de lápidas en nichos, por cada corpo:	6,44 €
f) Por colocación doutras instalacións fixas neles, por cada clase delas:	3,86 €
g) Por colocación de instalacións fixas nos cinzeiros:	3,86 €

VIII- Incidentes de ruínas e actuacións análogas

a) Tramitación de expedientes de declaración de ruína a instancia de particular:	133,54 €
b) Tramitación de expedientes de expropiación forzosa a iniciativa de particular ou entidades urbanísticas colaboradoras coa Administración: Por cada 100 m <sup>2</sup> ou fracción de superficie afectada:	4,21 €/m <sup>2</sup>

## 3.- BONIFICACIÓNNS E EXENCIÓNNS.

1. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa, por unha soa vez, a favor das construcións, instalacións e obras, coa excepción de obras novas e obras realizadas en locais comerciais, que se realicen dentro das zonas delimitadas polo Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) ou en Áreas de Rehabilitación Integral (ARI).

O presupuesto bonificado non poderá exceder de 11.000 euros por vivenda no caso de que se realice no ámbito do PEPRI e de 9.000 euros por vivenda no caso de que se realice no ámbito do ARI.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.

2.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa a favor das novas instalacións completas de calefacción en vivendas e de ascensor en edificios, sempre que os inmobles teñan unha antigüidade mínima de 15 anos.

3.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa por pintura e tratamento integral de fachadas, substitución de materiais de cubertas e elementos externos de fachadas, cando se comprendan dentro dos deberes de conservación e rehabilitación previstos no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou supoñan unha notoria mellora nas condicións estéticas ou de eficiencia enerxética da edificación.

4.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa a favor das obras de movementos de terra, desmontes, demolicións, e baleirados interiores que sexa necesario realizar neste termo municipal por mor das excavacións arqueolóxicas, para o que deberá terse achegada a correspondente solicitude de autorización arqueoloxica, se fose necesaria.

5.- Estará exenta do pagamento desta taxa a realización de calquera construcción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, e que vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, anque a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

6.- Establécese unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras de reforma que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras específicamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

O solicitante deberá achegar documentación ou proxecto que acredite as condicións antes sinaladas, que afecten a rampas, aseos adaptados, dimensións de portas e corredores, ascensores, etc. No caso de existir dúbidas acerca de se as construcións, instalación e obras favorecen as condicións de acceso ou habitabilidade, solicitarase informe dos servizos técnicos municipais, con carácter previo á resolución da petición de bonificación.

7.- Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para producción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obligatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do presupuesto no que se determine razoadamente o custo que supón a construcción, instalación ou obra á que se refire este presupuesto.

8.- Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das construcións, instalacións ou obras destinadas estritamente a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns, etc., excluíndose as que afecten ás vivendas asociadas á explotación.

9.- Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das construcións, instalacións ou obras de reforma ou adecuación de locais comerciais para o exercicio dunha actividade, cuio presupuesto de execución material non exceda de 50.000 euros, cando o solicitante acredite atoparse en situación de desemprego e teña perdido o emprego por conta allea nos 6 meses anteriores á solicitude, así como aqueles que non atopándose en situación de desemprego acrediten terse constituído en autónomos dentro do mes inmediatamente anterior á solicitude.

10.- Establécese unha bonificación do 50% da cota a favor das construcións, instalacións ou obras de reforma en vivendas cando o titular acredeite ser familia numerosa, sempre que a dita vivenda sexa o domicilio de empadroamento familiar, non supere os 40.000 euros de valor catastral e o presuposto de execución material das obras sexa igual ou inferior a 40.000 euros.

11.- En calquera caso, ningunha cota que resulte da aplicación das tarifas sinaladas no punto 2 deste artigo 3º poderá ser inferior a 19,83 €.

#### 4.- REGRAS ADICIONAIS.

a) As taxas reguladas na presente ordenanza son compatibles coas que poidan devengarse polo aproveitamento especial de bens ou instalacións de uso público municipal, ou por prestacións de servizos e realización de actividades diferentes.

b) As taxas reguladas na tarifa desta ordenanza aplicable a obras de nova planta, reconstrucción ou reforma sobre a base do importe do presupuesto de execución material da obra, son compatibles coas que están enumeradas nas restantes tarifas por outros actos concretos suxeitos a gravame con base liquidable de distinta natureza.

c) As licenzas e comunicacións ou declaracións responsables relativas ás construcións de vivendas e instalacións vinculadas a explotacións agrícolas serán obxecto dunha redución do 50% nas taxas reguladas pola presente ordenanza fiscal, e do 75% se o solicitante é menor de 36 anos.

### **ARTIGO 4º. EXCLUSIÓNS DA OBRIGACIÓN DE SOLICITAR LICENZA**

Exclúense unicamente da obrigación de solicitar licenza, aqueles actos de edificación e uso do solo e do subsolo previstos na lexislación urbanística vixente.

### **ARTIGO 5º. NORMA ESPECIAL SOBRE O INGRESO DA COTA**

#### DOCUMENTACIÓN

1. As taxas regulamentadas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza ou comunicación ou declaración responsable, deberá acreditarse o ingreso do importe total declarado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda, e cubrir a folla de avaliación que figura no anexo 2. A base liquidable provisional nas obras maiores será o presupuesto de referencia que resulte de aplicar o cálculo que figura no anexo 2, salvo que, o presupuesto presentado para a obtención da licenza fora superior. No caso das obras menores aplicaranse, segundo o caso, os módulos e a lista de prezos unitarios que figuran no anexo 3, salvo que, o presupuesto presentado para a obtención da licenza ou comunicación ou declaración responsable fora superior.

2. A Administración de Tributos, no momento de concederse a preceptiva licenza ou tramitarse a comunicación ou declaración responsable, practicará unha liquidación complementaria no caso de que a autoliquidación presentada non fose conforme a esta ordenanza.

3. Unha vez finalizadas as construcións, instalacións e obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ó que serviu de base imponible na liquidación referida no punto anterior, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á dita finalización, certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

4. Á vista da documentación aportada e das construcións, instalacións e obras realizadas e do custo real e efectivos das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base imponible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferencia ó suxeito pasivo.

#### **ARTIGO 6º.**

As solicitudes para obras de nova planta, reforma esencial de construcións existentes e, en xeral, para todas aquelas en que así se esixa polas regulacións profesionais dos arquitectos, enxeñeiro, arquitectos técnicos, e enxeñeiros técnicos, deberán ir subscritas polo executor das obras e polo técnico director delas e acompañadas polos correspondentes planos, proxectos, memorias e presupostos por triplicado. Serán necesarios catro exemplares cando a obra se realice dentro do recinto histórico-artístico.

#### **ARTIGO 7º.**

Se despois de formulada a solicitude de licenza ou presentada a comunicación ou declaración responsable se modifícase ou ampliase o proxecto, deberá serlle comunicado á Administración municipal, e acompañarase o novo presupuesto ou o reformado e, se é o caso, planos memorias da modificación ou ampliación, autoliquidando a diferencia resultante en relación co proxecto inicial.

#### **ARTIGO 8º.**

O Concello poderá axustar a tramitación das licenzas urbanísticas e as comunicacóns ou declaracóns responsables ás prevencións que consten nunha ordenanza de edificación e uso do solo, que sexa tramitada e aprobada en debida forma.

#### **ARTIGO 9º. TRAMITACIÓN**

##### A) Solicitud de licenza de obras:

1. O Rexistro Xeral remitirálle a documentación ós Servizos Urbanísticos, que pedirán nun só acto os informes doutros organismos e os técnicos regulamentarios que sexan precisos, que han de ser emitidos no prazo de dez días hábiles, sobre a procedencia ou non da licenza solicitada.

2. Emitidos os ditos informes, formularase a proposta de resolución, que terá que ser motivada se fose denegatoria.

3. Previamente ó outorgamento da licenza polo órgano competente, directamente ou en virtude de delegación, a Facenda Local comprobará a liquidación das taxas que procedan.

A comprobación da liquidación de taxas pola Facenda Local realizarase con posterioridade á concesión da licenza no caso das obras menores que non se tramiten polo procedemento de comunicación previa ou declaración responsable.

B) Comunicación ou declaración responsable de obras menores:

1. Na tramitación das comunicacóns ou declaracóns responsables de obras menores estarase ó previsto na ordenanza reguladora das comunicacóns de obras menores vixente.
2. Unha vez que se teña dilixenciado a comunicación ou declaración responsable como conforme, a Facenda Local realizará a comprobación da liquidación de taxas.

#### **ARTIGO 10º. RESOLUCIÓN**

1. A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local por delegación adoptará a resolución procedente en canto ó outorgamento da licenza solicitada e á aprobación da liquidación das taxas.

2. No caso de comunicacóns ou declaracóns responsables de obras menores, se do análise da documentación achegada resulta que se cumpre o establecido na ordenanza reguladora das comunicacóns de obras menores, procederase a dilixenciar ésta co “conforme”, remitíndose o expediente a Facenda Local para a comprobación das taxas que procedan.

#### **ARTIGO 11º. NOTIFICACIÓNS**

Adoptada a resolución ou acordo procedente, o negociado efectuaralles a correspondente notificación ós interesados e comunicarállela ós servizos municipais responsables da execución daqueles.

#### **ARTIGO 12º. CARÁCTER DAS LIQUIDACIÓN**

1. As autoliquidacións, unha vez comprobadas, darán lugar á liquidación provisional ata que, unha vez terminadas as obras, sexa comprobada pola Administración municipal a natureza da obra realizada, as súas unidades ou importe; requirirse para iso dos interesados as correspondentes certificacións de obra e demás elementos que se consideren oportunos, para a determinación do custo real final, obxecto de gravame. Á vista do resultado da comprobación practicarase a liquidación definitiva.

2. Deberase tomar como punto de referencia para a súa práctica a data da presentación da solicitude da licenza ou comunicación ou declaración responsable da obra e como módulo para determinar o custo real das obras o establecido no anexo 2, e no caso de obras menores o custo de execución regulamentado no anexo 3.

#### **ARTIGO 13º. VIXILANCIA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS**

1. A execución das obras queda suxeita á vixilancia, fiscalización e revisión do Concello, que a exercerá a través dos seus técnicos e axentes.

2. Se así o establecese a Ordenanza de edificación e uso do solo que no seu día pode aprobase, os interesados estarán obrigados a solicitar comprobación das obras nas fases ou estados que determine a dita ordenanza.

#### **ARTIGO 14º.**

As licenzas, dilixencia de conforme e as cartas de pagamento ou photocopias dunhas ou doutras conservaranse no lugar das obras mentres duren estas, para que poidan ser exhibidas a requerimento dos axentes municipais da autoridade, os cales en ningún caso poderán retiralas das obras.

#### **ARTIGO 15º. CADUCIDADE, DURACIÓN E PRÓRROGA DAS LICENZAS.**

1. A licenza caducará pola demora na iniciación e na finalización das obras, así como por mor da súa interrupción. O prazo máximo de iniciación ou interrupción será de SEIS MESES nas obras maiores; nas obras menores o prazo de iniciación ou interrupción non poderá superar a metade do prazo de execución sinalado en cada caso. Estes prazos computaranse dende a data da notificación do acto de outorgamento da correspondente licenza ou, de ser o caso, da data da dilixencia de conforme no suposto de iniciación, e no caso de interrupción desde a data na que a Administración teña coñecemento ou constancia documental desta.

2. Todas as licenzas que se concedan levarán un prazo para a execución das obras ou instalacións, que se propoñerá polo técnico autor do proxecto, e non poderán superar 3 anos. O Concello poderá conceder prórrogas dos prazos da licenza conforme á lexislación urbanística por prazo non superior ó inicialmente acordado, despois de solicitude expresa formulada e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. A taxa pola concesión da prórroga fixase nun 20% do que lle correspondería á liquidación inicial.

3. Toda comunicación previa ou declaración responsable de obras menores coa dilixencia de conforme deberán ser realizadas no prazo máximo de 6 meses. Poderanse solicitar prórrogas do prazo de execución antes referido conforme á lexislación urbanística por prazo non superior ó inicialmente acordado, despois de solicitude expresa formulada e sempre que sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. A taxa pola concesión da prórroga fixase nun 20% do que lle correspondería á liquidación inicial.

#### **ARTIGO 16º. INFRACCIONES E SANCIÓNIS TRIBUTARIAS.**

1. Nas materias regulamentadas nesta ordenanza constitúen infraccións:

a) A realización sen licenza ou sen presentación de comunicación ou declaración responsable das obras ou actividades enumeradas no artigo 194 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e para os que a esixe a presente ordenanza, prodúzase ou non prexuízo ós dereitos da facenda municipal.

b) Non lle dar conta á Administración municipal do maior valor das realizadas, das modificacións daquelas ou do seus presupostos.

c) A falsidade da declaración en cuestións que afecten á determinación da base do gravame.

2. Para a cualificación das infraccións e a súa sanción estarase ó prevido na Ordenanza fiscal xeral, e nos artigos 199 e 209 e 175 Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e concordantes.

3. De conformidade co establecido na Ordenanza fiscal xeral e artigos 199 e 209 e 175 Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non impedirá a liquidación ou cobro das cotas devengadas non liquidadas.

## **ARTIGO 17º. PARTIDAS FALIDAS**

Dada a forma de xestión destas taxas só cabe declaración de partidas falidas en supostos de defraudación, neste caso estarase ó prevido na Ordenanza fiscal xeral.

## **NORMA COMPLEMENTARIA**

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos da Ordenanza fiscal xeral e demais disposicións lexislativas aplicables á materia de que se trate, especialmente a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa<sup>5</sup>.

---

<sup>5</sup> O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 14 de novembro de 2016, para rexer a partir do 6 de marzo de 2017 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 53 do 6/03/2017).